

Ro/101

Voz Natura

9ª Edición

Memoria de actuación



"De mar á terra, de terra ó mar:
¡¡A mar de saberes!!"

CEIP Ría de Vigo

Curso 2005-2006

180 ALUMNOS
PARTICIPANTES

PRESENTACIÓN

Tendo en conta as experiencias realizadas polo CEIP Ría de Vigo en torno a diferentes actividades de sensibilización medioambiental e a boa disposición do alumnado en canto á realización de actividades deste tipo, a comunidade escolar do colexio participou por quinto ano consecutivo no "Proxecto de educación bioambiental Voz Natura" presentando a día de hoxe a memoria do traballado baixo o título "De mar á terra, de terra ó mar: ¡¡A mar de saberes!!"



O noso colexio está enmarcado na parroquia viguesa de San Miguel de Oia, nunha zona considerada como rural ata hai uns vinte anos e que, co paso do tempo, perde este carácter debido sobre todo a dous factores: a influencia exercida sobre ela pola cidade de Vigo e o elevado grao de urbanización que conleva a perda da súa fisionomía rural característica. Esta situación leva a que, nun periodo moi curto de tempo, sufra unha constante degradación do habitat costeiro e terrestre da zona e se perda gran cantidade de información que forma parte desa "*sabiduría tradicional*" que, como pais e mestres, negámonos a deixar caer no olvido. A nosa responsabilidade, é maior áinda ao ter en conta que a xeneración que se corresponde coa dos avós e avoas do noso alumnado, é o último baluarte donde se pode acudir para paliar esta situación, de por si, xa bastante caótica.

Desde a primeira participación do colexio no proxecto Voz Natura no curso escolar 2001/2002, puxemos en marcha diferentes actividades encamiñadas a, dentro das nosas humildes posibilidades, paliar esta perda de información e contribuir ao mellor e maior coidado do noso entorno natural, prestando especial atención a franxa costeira de San Miguel de Oia e Saiáns, barrios dos que procede o alumnado do colexio. A valoración realizada, indica que a implicación da

comunidade escolar continúa no seu grao ascendente na procura da consolidación de actividades deste tipo dentro do "día a día" do colexio. Esta consolidación á que antes se facía mención, queda patente na implicación de alumnado, profesorado, familias, organismos públicos (Concello de Vigo, Centro Oceanográfico de Vigo, Autoridade Portuaria de Vigo, Cofradía de Pescadores San Francisco e, neste curso, a Dirección Xeral de Innovación Educativa a través do apoio e asesoramento para o desenvolvimento do Proxecto Educativo de Centro "Ría de Vigo: a mar de saberes") e entidades do barrio como a Asociación Vecinal de San Miguel de Oia e a Comunidade de Montes de San Miguel de Oia. As intervencións realizadas ao longo destes anos no Proxecto Voz Natura, tiveron lugar en dous marcos ben diferenciados:

- **Fóra do recinto escolar.** Desde un principio, pártese do interese e da conveniencia de realizar actividades en torno á costa e ao mar tan presentes no colexio. Froito dese interese e da implicación do claustro de mestres, desenvolvérónse ao longo destes anos as seguintes actividades:
 1. Campañas de limpeza dos areais más próximos ao colexio.
 2. Recolección e catalogación das especies de algas presentes no noso litoral e na elaboración de algarios.
 3. Coñecemento de pequenos areais e calas da franxa costeira comprendida entre a ponte da Illa Toralla e o Portiño.
 4. Estudio dos moluscos e crustáceos partindo das cunchas recollidas na costa.
- **Dentro do recinto escolar.** Creáronse os seguintes espazos:
 - a. Aula da natureza "Voz Natura".
 - b. Xardín de plantas mediciñáis, aromáticas e culunarias.
 - c. Xardín de plantas froiteiras silvestres.

Convencidos da necesidade de proseguir con este proxecto, e fieis á idea de recuperar distintas zonas do patio escolar como referente para o estudo de distintos aspectos de interéss medioambiental, para o presente curso escolar tiñamos prevista a realización de traballos nos seguintes termos:

- Inspección e posterior catalogación de verquedoiros incontrolados nas parroquias de San Miguel e Saiáns e ubicación de puntos de verquidos ao mar na franxa de costa traballada noutras ocasións dentro deste proxecto. Elaboración dun resumo fotográfico dos espacios estudiados contemplando os paneis informativos instalados e as recomendacións aportadas desde o Centro ás entidades e institucións con responsabilidade no asunto.
- Recuperación dun espazo de monte comunal afectado polo verquido de basuras.
- Campaña de limpeza e control dos areais das parroquias de San Miguel de Oia e Saiáns. Seguimento do traballo realizado nestes tres últimos anos. (Mención especial merece a intervención de alumnado do colexio no proceso de recuperación do areal do Vao desenvolto pola Concellería de Medioambiente do Concello de Vigo)
- Mantemento e consolidación do "Bosque escolar", "Horto escolar", "Xardín de plantas mediciñáis, aromáticas e culinarias" e "Xardín de plantas froiteiras silvestres".





Con respecto ó "Xardín de plantas mediciñais, aromáticas e culinarias" estaba previsto proseguir na Aula da Natureza coa actividade de viveiro a partir de esquexes feitos a partir das plantas presentes neste xardín.



- Realización dun proxecto de Centro en torno ao estudio do mar que viñera a recoller diferentes aspectos tratados anteriormente noutras edicións do Proxecto Voz Natura no colexio. Deste xeito, xurde o Proxecto "Ría de Vigo: a mar de saberes" que implica na súa realización a todas as aulas do colexio e no que se contempla o tratamento de:
- a) O coñecemento do entorno xeográfico. Partindo do coñecemento das costas de San Miguel de Oia, pasamos ao estudo das costas da Ría de Vigo para, finalmente, estudar as costas galegas.
 - b) O coñecemento dos animais mariños que se poden atopar na Ría de Vigo. Características e posibilidades gastronómicas.
 - c) Curiosidades do mar.
 - d) O tratamento dos residuos. Como necesidade primordial, Reducimos a xeneración de basuras e as que producimos, son verquidas sempre en papeleiras ou contenedores de reciclaxe selectiva e, dentro das nosas posibilidades, axudamos a limpar nos espazos donde sexa necesario. Facemos un uso responsable da enerxía e auga.
 - e) O tratamento dos residuos. Reutilizando materiais como papel, cartón e chapa de impresión, preparámonos para crear no colexio unha ambientación submariña en diferentes espazos. Para a realización desta actividade, pójamonos en contacto coa entidade Fundición Nautilus coa finalidade de desenvolver no colexio unha serie de obradoiros de creación artística que, coa participación de alumnado do colexio e os seus familiares, fiseexo posible. A principios de curso, está pendente a viabilidade económica desta actividade.
 - f) O tratamento dos residuos. Reciclando papel e cartón, facemos estampacións de pequenas cunchas recollidas na zona.
 - g) O coñecemento da gamela coruxeira como embarcación de pesca tradicional.
 - h) O mar nas artes: literatura, pintura, música, teatro, poesía,

- i) Deseño de obradoiros e xogos cooperativos con temática mariñeira: nos mariñeiro, prácticas de marisqueo mediante o coñecemento dos animais mariños de cuncha, de pesca con cana, dramatización de escenas de mar, realización de figuras de area, códigos de bandeiras náuticas, de desprazamentos para cruzar a Ría, de simulación de desprazamentos de medusas, ...



DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS DESENVOLTAS

Tendo como referente o previsto dentro do proxecto para este curso, pásase a continuación, a realizar unha descripción do traballo desenvolto.

Inspección e posterior catalogación de verquedoiros incontrolados nas parroquias de San Miguel e Saiáns e ubicación de puntos de verquidos ó mar na franxa de costa traballada noutras ocasións dentro deste proxecto. Elaboración dun resumo fotográfico dos espacios estudiados contemplando os paneis informativos instalados e as recomendacións aportadas desde o Centro ás entidades e institucións con responsabilidade no asunto.

A necesidade de acometer este traballo xurde das propostas elaboradas polo alumnado do colexio que, nas diversas actividades desenvoltas polo mestre de educación física cara ao coñecemento do entorno do colexio, constantemente observa a aparición de novos puntos de verquidos incontrolados de diferentes tipos de materiais.

Asimesmo, en novembro de 2004 o colexio é convidado a participar no "Pleno Municipal Infantil" do Concello de Vigo, ocasión que é aproveitada polas nenas e nenos para facer ver o seu malestar ante a existencia de varias *escombeiras* na zona e a pouca colaboración da veciñanza en canto á recollida selectiva do lixo (como mostra dos datos recollidos polo alumnado figura como ANEXO o modelo aplicado e os resultados obtidos)



En abril e maio do pasado ano, e como actividade previa á redacción do proxecto VOZ NATURA para este curso, o alumnado comprobou a existencia de catro puntos de verquidos nun radio non superior a 1 Km. ao redor do colexio.

A actividade foi realizada nas clases de Educación Física e coordinadas polo seu mestre, e para a súa posta en marcha, a cada clase de ensino primario se lle asignou o seguimento dun dos verquedoiros de xeito que as nenas e nenos máis pequenos se ocupasen dos lugares máis próximos ao colexio. Ao longo do curso, o alumnado comprobou a evolución sofrida nestes lugares nos que xa se contaba cun cartel no que figuraba a lenda **"Botando lixo neste lugar, degradas o noso medioambiente"** e nos que se obtiveron os seguintes resultados:

- VERQUIDO Nº 1



Situado no Camiño das Pozas a cen metros do colexio. Despois de ser acometida unha actuación por parte do alumnado de primeiro e segundo cursos do colexio, actualmente atópase nun estado de limpeza total. Os restos verquidos neste lugar eran envases de vidro, latas e plásticos.

• VERQUIDO N° 2



Situado no Faro das Coutadas a uns 200 metros do colexio. Como se pode observar nas fotografías adxuntas, neste punto existe un auténtico verquedoiro no que, a pesares das actuacións desenvoltas polo alumnado de 5º curso consistentes na retirada de basuras de pequeno porte, ao longo deste ano comprobouse que a cantidade depositada de restos de electrodomésticos e outro mobiliario

e de pezas de automóvil aumentou considerablemente. Nestes momentos, despois de ser tramitada ante a Asociación de Veciños de san Miguel de Oia e o Servicio de Limpeza do Concello de Vigo unha solicitude para que se proceda á retirada destes restos, estamos á espera da recuperación deste espacio.



- VERQUIDO N° 3

Este lugar atópase preto do colexio, concretamente en Sobreira. Neste



lugar, do mesmo xeito que no caso anterior, a pesares da actuación desenvolta por nenas nenos de 6º curso, a deposición de residuos foi en aumento. A tipoloxía de restos verquidos neste punto se correspondía con restos de obra como ladrillos, cementos, forxados e tubos de PVC empregados en fontanería. Recentemente este verquido, quizais debido ao

efectuado no seu día polo alumnado, foi limpado polo propietario da edificación próxima estando este espacio a día de hoxe totalmente recuperado.

- VERQUIDO N° 4



A actuación sobre este lavadeiro coñecido como o de Gontade e situado a uns cen metros do colexio, foi desenvolta polo alumnado de 3º e 4º cursos. Despois de ser limpado no mes de novembro, estamos esperando á chegada do mes de xuño para proceder a unha nova limpeza coa intención de que permaneza en bo estado durante os meses de verán. Esta actividade deu pé ao plantexamento por parte da ANPA, de extender esta mesma experiencia aos outros lavadeiros existentes en San Miguel e Saiáns. Á espera de definir esta actuación, desde a coordinación do proxecto de Voz Natura no Centro está estudiando a viabilidade en outras edicións.

Co fin de que os organismos responsables acometeran a limpeza destes verquedoiros, o alumnado de 6º curso redactou o seguinte documento que foi enviado á Asociación de Veciños de San Miguel de Oia e á Concellería de Limpeza do Concello de Vigo:

O alumnado do Colexio Ría de Vigo e no seu nome o seu director D. Juan Carlos Vázquez Vázquez,

EXPÓN:

Que este centro escolar ven participando neste curso escolar no programa de educación bio-ambiental “Voz Natura” co desenvolvemento de actividades no entorno próximo ao colexio coa finalidade de catalogar e analizar a evolución de diferentes verquedoiros incontrolados.

Que unha vez realizada unha primeira limpeza destes verquedoiros pola nosa parte, os órganos competentes deberían á limpeza total destes puntos.

Que o alumnado do colexio se pon a disposición do Concello de Vigo para acompañar aos lugares donde se atopan estes verquedoiros

SOLICITA:

Que se proceda a realizar os trámites necesarios para que se proceda á total limpeza destes verquedoiros.

Sen máis e para que conste ós efectos oportunos, despídense moi cordialmente:

Asdo: Juan Carlos Vázquez Vázquez

San Miguel de Oia, 18 de abril de 2006

Asociación de Veciños de San Miguel de Oia / Concellería de Limpeza do Concello de Vigo

A día de hoxe estamos pendientes de ser convidados para acompañar a limpeza por parte do Servizo de Limpeza Municipal e de proceder á colocación dos paneis informativos nos que figura o texto "*Este lugar foi saneado polo alumnado do CEIP Ría de Vigo e o Servizo de Limpeza do Concello de Vigo dentro do Proxecto VOZ NATURA*"

Comprobados os positivos resultados, o colexio está estudando a posibilidade de repetir a experiencia con outros verquedoiros situados no barrio a maior distancia do colexio.

Recuperación dun espazo de monte comunal afectado polo verquido de basuras.

Ademais das tarefas de limpeza no entorno inmediato do colexio, como complemento a unha actividade programada coa Comunidade de Montes de San Miguel de Oia, aproveitando a participación do alumnado de 2º ciclo no plantío de especies autóctonas na zona de O Carballoso no monte comunal, o día 21 de abril procedeu á limpeza dun verquedoiro existente a pé de carretera de acceso ao monte no lugar de O Lameiro.



A realización desta actividade é valorada como moi positiva tanto polo colexio como pola Comunidade de Montes de San Miguel de Oia feito que nos leva a que, no proxecto da 10ª Edición de Voz Natura, esté prevista a actuación do alumnado do colexio nesta zona co fin de acometer unha recuperación integral consistente na limpeza dun camiño en desuso e no plantío de especies autóctonas de árbores saídas do viveiro do colexio.

Campaña de limpeza e control dos areais das parroquias de San Miguel de Oia e Saiáns. Seguimento do traballo realizado nestes tres últimos anos. (Mención especial merece a intervención de alumnado do colexio no proceso de recuperación do areal do Vao desenvolto pola Concellería de Medioambiente do Concello de Vigo)



Nesta liña de actuación, o plantexamento foi o de partir da experiencia adquirida durante os catro últimos anos aproveitando as ocasións nas que as clases de Educación Física se desenvolvían na praia de Fuchiños ou Canido para realizar unha inspección do estado de limpeza e, si procedía, recoller os materiais contaminantes existentes.

A valoración é moi positiva e a día de hoxe, esta experiencia está consolidada como unha práctica habitual por parte do alumnado tal e como o demostra o feito de que na celebración do entroido deste ano, o Meco, a personificación do mal na comarca de Vigo, este Meco tan ruin, estívese representado no colexio pola "porquería que se solta no mar".



Para iso, no mes de Febreiro realizouse unha limpeza na praia de Fuchiños, e a porquería recollida foi trasladada ata ao colexio co obxectivo de acompañar a un contenedor para proceder finalmente á súa queima (realizado habitualmente co Meco). Durante o acto de celebración do entroido no colexio coa lectura de Testamento e Xuicio do Meco, como é evidente, o contenedor foi indultado para pasar a continuación a depositar os materiais recollidas nos contenedores de recollida selectiva existentes á saída do centro escolar.



XUICIO DO MECO

Ó Meco deste ano, representado nesta basura recollida no noso mar non debería ser a ela senón ós porcos que a tiran, a quen deberíamos acusar.

Sabedores da súa presencia, en compaña do profe Bieito fomos a por el e tan grande era o seu cheiro, que podería atufar todo Saiáns e San Miguel.

Sobre os males que causa ó noso mar, podemos facer algunha acusación, parte das cales, detallamos a continuación:

Tanto ensucian as areas as gabichas dos cigarros que demostrado queda, que os que as tiran, ison uns auténticos guarros!

Sabemos que inda quedan algunhas cañerías que ata ben pouco, vertían ó mar, e, por si acaso inda funcionan, pediremos ó Concello que as veñan retirar.

Da porquería máis atopada, os plásticos gañan por goleada, e saberedes que si por desgracia os engule un golfiño, a morte ten asegurada.

Outro mal do mar, é esa alga que din que é xaponesa, é a culpable de oscurecer e matar o fondo da Ría por facer unha maraña tan espesa.

Dos aceites e gasoleos, nin que dicir ten, en Saians o vran pasado, sobre algunas rochas, inda se atopaba fuel.

Sabemos pola prensa destes días que a nosa Ría sofre unha forte contaminación, e que a depuradora non depura, co vento de norte temos unha boa demostración.

Por todo o anteriormente exposto propomos pasar ó Meco pola súa queima, inda que tendo en consideración unha serie de aspectos culpables da nosa teima:

Debemos indultar, e incluso por enriba dun bo pedestal, ó contenedor que fixo Enrique, e facer del un uso responsable como é normal.

Para non afumarnos en demasiá e contribuir á contaminación do ar que nos dá vida, retiremos os lixos nocivos para depositalos nos contenedores de reciclaxe selectiva.

Tendo en conta o anteriormente dito, e por iso de facer algo de divertimento, queimemos somentes as madeiras e algún papel, inda que antes procedemos á lectura do seu testamento

TESTAMENTO DO MECO

Eu sabia que o meu fin ía atopar
desde o momento que vin aqueles rapaces onde min chegar.

Entre a basura recollida,
pode haber algunha que pode dar vida:

Pode dar vida á carretera do voso Centro Escolar, este bote de Procolor.
Como non o fai o Concello, pintade vos o paso de cebra e será moito mellor.

O zapato onde sobrevivió durante todo un día un peixe no voso Centro Escolar, regálollo a Gabriel e Guillermo, que foron quenes devolveron ó pobre animal ó mar.

Algunha vida tamén pode dar a area limpa recollida,
que por moita bandeira azul que lle den, boa falta fai na praia de Canido.

Misturadas entre a porquería, tamén viñan moitas algas e más cunchas,
material vivo que dou á Praia de Fortiñón onde más ben agora, so hai rochas.

Segundo o dictado no xuicio, levade o resto de materiais a reciclar, aproveitade a ocasión
e pasade neste acto da palabrería rápidamente a acción.

E xa para rematar con este testamento
que todo o dito ata este momento sirva para facer unha necesaria reflexión e que a
necesidade de conservar o mar que tanto nos quer, quede sempre por enriba deste
documento.

Por outro lado, o día 20 de abril realizouse unha convocatoria para realizar unha limpeza en horario de tarde coa participación de representantes de toda a comunidade educativa do CEIP Ría de Vigo. No mes de xuño está pensado repetir a experiencia e proceder á instalación dos paneis informativos xa utilizados anteriormente e nos que consta a mensaxe "Durante este curso o alumnado do CEIP Ría de realizamos unha campaña de limpeza desta praia. Agora, no verán colabore connosco. Graciñas"



O alumnado de 5º fixo unha catalogación do tipo e cantidade de lixo recollido. A partir dos datos obtidos elaborou unha táboa de datos coas cantidades e porcentaxes de lixos

Outra das actividades desenvolto por alumnado do colexio foi a de, en colaboración co Departamento de Medioambiente do Concello de Vigo, contribuir no proceso de recuperación do areal do Vao. A actuación das nenas e nenos do colexio consistiu na asistencia a unha charla "in situ" a cargo dun técnico do Departamento de Medioambiente do Concello de Vigo, charla na que se falou aos nenos sobre os cambios e agresións sofridas por esta praia nos últimos cincuenta anos e se presenciou a retirada do verquido de restos de aceites realizada nos anos 70 nunha zona ocupada hai uns meses por un campo de fútbol. Como complemento a esta actividade, dependendo dos plazos de execución das obras en marcha, as nenas e nenos instalarán un valado de protección para a acumulación de areas e creación de dunas e realizarán a plantación de especies nas dunas xa existentes no contorno desta zona.



Mantenemento e consolidación do "Bosque escolar", "Horto escolar", "Xardín de plantas mediciñáis, aromáticas e culinarias" e "Xardín de plantas froiteiras silvestres".

En relación a esta actividade, a actuación do alumnado foi constante ao longo do curso escolar. Estas infraestructuras son un referente xa consolidado e con presencia evidente. As instalacións creadas no colexio e as aportacións do alumnado cara a elles é constante:

- no mes de setembro procedeuse á recolección das frambosas, patacas e pementos que inda quedaban no horto.
- nos meses de outubro e novembro realizaron tarefas de cavado do horto e podado das plantas froiteiras silvestres e aromáticas.
- no mes de xaneiro procedeuse á limpeza do xardín de plantas aromáticas.
- desde o mes de febreiro, realizáronse no horto cultivos de diferentes plantas como allos, cebolas, patacas, herbillas, ...

Tendo en conta a relevancia e a serie de actividade xenerada a través deste proxecto, pasamos a continuación a describir brevemente o realizados ao redor de cada unha delas:

a) **O coñecemento do entorno xeográfico costeiro.**

A realización desta actividade xurde da aula de Educación Infantil de 3 anos. Desde as ventás desta aula se teñen unhas magníficas vistas á entrada da Ría de Vigo, situación que é aproveitada pola súa mestra para preguntar aos máis pequenos do colexio: *qué é o que más vos gusta de todo o que vedes ahí adiante?*



Ante as respuestas obtidas demostran que, partindo de que a palabra "MAR" é a de maior e más rápida contestación, o interese dos nenos e nenas se centra en catro accidentes xeográficos e en elementos que os acompañan:

- .- A illa de Toralla coa súa ponte e imponente torre de apartamentos.
- .- A península do Morrazo e as súas "casas" de Cangas e Donón.
- .- O cabo Home e os seus faros.
- .- As illas Cies.

Unha vez recollidos estes datos procederon ao estudo dos nomes de Toralla, Morrazo, cabo Home e illas Cies (este estudo é referido tanto á súa relación xeográfica como ao seu recoñecemento na grafía escrita). Tamén realizaron actividades de pintado e picado de siluetas da illa de Toralla e dos faros de cabo Home, e finalmente, á elaboración dun pequeno mural recollendo o observado.



As aulas de 3º curso de ensino primario realizaron o estudo da Ría de Vigo. Para iso cada nena e neno elaborou de xeito individual unha maqueta en tamaño A3 na que se recollían nomes de vilas (Cangas, Moaña, Redondela e Vigo), praias (Barra, Nerga, Liméns, Samil, Vao, Canido, Fuchiños, Sobreira, Canto da Area, Muiños de Fortiñón e Patos) e accidentes xeográficos (Illas Cies, Cabo Home, Punta Balea, Estreito de Rande, Illa San Simón, Punta da Guía, Cabo do Mar, Río Lagares, Cabo Estai, Punta Monteferro e Illas Esteas)



Nerga, Liméns, Samil, Vao, Canido, Fuchiños, Sobreira, Canto da Area, Muiños de Fortiñón e Patos) e accidentes xeográficos (Illas Cies, Cabo Home, Punta Balea, Estreito de Rande, Illa San Simón, Punta da Guía, Cabo do Mar, Río Lagares, Cabo Estai, Punta Monteferro e Illas Esteas)



En 5º curso, o estudo das costas comprendeu todo o litoral galego e se centrou en accidentes xeográficos e na presencia de faros. Como complemento deste traballo, elaborou un mapa mudo de Galicia a gran tamaño (1,80 x 2,00 metros) co fin de realizar sobre el diferentes xogos de identificación e sinalización de accidentes xeográficos, lugares de especial interese medioambiental, topónimos de vilas e povos e, finalmente, daqueles lugares con presencia de faros. Asimesmo, realizouse un traballo de busca de información sobre as praias de Galicia en páxinas de internet do Ministerio de Medioambiente e da Xunta de Galicia. Estes datos, van ser utilizados no mes de maio polo alumnado de 6º curso para a elaboración de tablas donde se recollan as porcentaxes en función dos aspectos traballados.



Este mapa quedou instalado nun pasillo do colexió e sobre el, o alumnado deste curso propuso aos demais nenos do colexió diferentes xogos adaptados ás idades ás que ían dirixidos. Asimesmo cabe salientar que nesta aula tamén se realizou un estudo detallado dos areais da Ría de Vigo no que se recolleu os servicios cos que conta, tipoloxía da area, extensión, localización, ... e se elaborou un libro dos faros de Galicia.


Do mesmo xeito, na aula de Lingua Inglesa, elaborouse un traballo da denominación dos elementos xeográficos en relación ao mar nesta lingua. Ademais, tamén se tratou o coñecemento de diferentes especies animais e vexetais así como outro vocabulario do campo semántico do mar.



b) O coñecemento dos animais mariños que se poden atopar na Ría de Vigo.
Características e posibilidades gastronómicas.

Na aula de Educación Infantil de 4 anos desenvolveuse un traballo de coñecemento das especies animais máis representativas das existentes na Ría de Vigo. Para iso partiuse da información inicial aportada polas nenas e nenos da clase para, posteriormente, ser ampliada coas aportacións solicitadas por parte deles ás súas familias. A partir dese instante desenvolveuse a actividade que deu lugar á elaboración de diferentes documentos como os de:

.-Facemos listados. Nel se recollen os nomes escritos polo alumnado das especies traballadas coas acepcións en idiomas galego e castelán. A presentación recolle actividades de recoñecemento, de relación, de seriación e de escritura.



.-Fondos mariños. A partir do debuxo de dous elementos como a sardiña e mexilón cada nena e neno, de xeito individual, recrea plásticamente a súa visión do fondo do mar.

.-A pescadería de Barrio. O traballo deste caderno representa dúas liñas diferenciadas. Por un lado, o estudo de folletos publicitarios nos que os nenos deben identificar o nome das especies e comparar os prezos segundo sexan maiores ou menores. Polo outro lado, a partires de fotografías realizadas nunha pescadería, identificar as especies presentes nelas e escribir o seu nome.


.-Nós sabemos de ... Este documento é un caderno de traballo individual no que se recolle o estudo de 5 especies. Unha primeira parte do traballo foi realizado na aula e consistiu na escritura do peixe, o seu mes de reproducción, a súa lonxitude e o seu habitat. Posteriormente, a parte máis creativa, foi realizada polas mamás e papás nas súas casas propondo unha receita para cada un dos peixes presentados. Todo este traballo queda recollido no documento entregado en formato CD no apartado de ANEXOS.



O alumnado de 2º curso elaborou un traballo realizado a partir do estudo das "Especies da nosa Ría" no que figuran as características e curiosidades do caramuxo, xurelo, nécora, lapa, ourizos, serrán, congro, sargo, linguado, mexillón, centola, faneca, percebe, polbo, sardina, zamburiña, ameixa, ...



A aula de 4º curso realizou un traballo específico sobre o mexillón, as súas características, sistemas de cultivo, posibilidades gastronómicas, Como proposta de creación plástica elaborou unha recreación das bateas no mar.



c) **Curiosidades do mar.**

Baixo este título, o alumnado de 1º curso respondeu ás preguntas realizadas por eles á súa mestra. A curiosidade inicial destas nenas e nenos con respecto ao mar pasaba por querer saber cousas como:

- ¿Por que saltan os golfiños?



- ¿Por que se infla o peixe globo?



- ¿Por que pican as medusas?

- ¿Como vive o peixe payaso?





- ¿Por que a auga do mar é salgada?



- ¿Por que flotan os peixes?
- ¿Por que o peixe sapo ten unha luceciña?



- ¿Por que nos atacan os tiburóns?
- ¿Existe o tiburón martelo?



Todas estas preguntas obtiveron comprida resposta despois de, baixo a dirección da súa mestra, ser consultada diferente bibliografía e páxinas de internet na aula de informática do colexio.

d) O tratamento dos residuos. Como necesidade primordial, Reducimos a xeneración de basuras e non vertemos nada fóra dun contenedor e, dentro das nosas posibilidades, axudamos a limpar nos espazos donde sexa necesario.

A norma das RRR está bastante presente no colexio. Nestes últimos anos vimos traballando na idea de reducir e de xenerar a menor cantidade de residuos e na necesidade de facer un uso responsable das basuras. Asimesmo, con carácter permanente, trabállase no colexio o consumo responsable da luz eléctrica, da calefacción, da auga e a necesidade de controlar ao máximo a emisión de ruidos evitando contaminación acústica.

Tal e como quedou demostrado anteriormente na descripción das actividades de limpeza dos areais de San Miguel e Saiáns, na actuación nos verquedoiros incontrolados na proximidade do colexio e da limpeza efectuada no lugar de Os Lameiros do monte comunal de San Miguel de Oia, o compromiso do Colexio Ría de Vigo cara ao mantemento do noso entorno nunhas condicións de limpeza, é total.



e) O tratamento dos residuos. Reutilizamos materiais como papel, cartón e chapa de impresión.



A reutilización de restos orgánicos era unha realidade no colexio desde o momento que botou a andar a unidade de compostaxe coa que conta o Horto Escolar. Por tempadas, os restos de comida xenerados no comedor do colexio son derivados aos composteiros para xenerar esterco orgánico co que cultivar as terras do horto.

Desde o pasado curso queriamos facer no colexio unha experiencia que, baseada na idea de reutilizar materiais, a xeito de obradoiros que implicasen a toda a comunidade educativa co fin de crear no colexio unha ambientación submariña en diferentes espazos.

Para a realización e dirección desta actividade, puxémonos en contacto coa entidade Fundición Nautilus que recibe de bo grao a convidación a falta de resolver a viabilidade económica do proxecto.


Posteriormente o colexio, a través da Fundición Nautilus, presenta esta proposta baixo o nome de Mar e Arte ao Concello de Vigo por medio do seu "Concurso para o desenvolvemento de proxectos educativos", proposta que é seleccionada e bota a andar no colexio o venres 7 de outubro de 2005.



Desde esa data e ata o 3 de marzo de 2006, tódolos venres de 17 a 20 horas, funcionou o obradoiro coa participación de 115 persoas e 37 familias do colexio. A actividade consistiu na creación de elementos e ambientacións submariñas a partir da reutilización de 112 kg. de chapa metálica de imprenta e máis de 150 m² de cartóns e papeis.




Rematada a experiencia, esta ambientación está creada no Comedor escolar (Comedor Nautilus), o recibidor do colexio (O recibidor das baleas) e no exterior do edificio escolar co Mar dos Golfiños.





Asimesmo, dentro destes obradoiros, elaborouse un mural nas paredes exteriores do Ximnasio Escolar.





Os motivos expostos se corresponden coas especies animais e vexetais da Ría de Vigo, dando a impresión de contemplar o que o seu autor, Xosé Guillermo, denomina como o máis grande acuario da Ría de Vigo.

Toda esta experiencia foi presentada co nome de "Mar e Arte" e quedou instalada no colexio con carácter de exposición permanente. O acto de inauguración tivo lugar o 31 de marzo coincidindo coa Gran Festa do Mar do colexio. Tivemos o placer de contar neste día coa presencia da Alcaldesa e Concelleiro de Educación do concello de Vigo, do Sr. Delegado da Consellería de Educación, de representantes de diferentes entidades do barrio, e mesmo da Directora Xeral de Innovación Educativa a través dun escrito de recoñecemento do traballo dirixido á comunidade educativa do colexio.



Como acto simbólico, o mércores 29 de marzo, alumnado de tódolos cursos de primaria, realizou a bordo da embarcación "Rías Baixas" da Autoridade Portuaria de Vigo, unha travesía ao longo da Ría de Vigo, coa finalidade de soltar envases de vidro porteadores no seu interior dunha mensaxe de convidación para visitar esta exposición. Sendo conscientes dos negativos efectos que este feito podería conllevar contra o medio mariño, o número de botellas lanzadas ao mar limitouse á cantidade de 10. Aproveitando a mensaxe de convidación, aconsellabase aos receptores do mesmo a, unha vez aberto este envase, botalo pechado de novo ao mar, ou ben depositalo nun contenedor de recollida selectiva.



f) O tratamento dos residuos. Reciclamos papel e cartón, facemos estampacións de pequenas cunchas recollidas na zona.

Outra das actividades, que o proxecto "Ría de Vigo: a mar de saberes" desenvolveu tendo en conta a necesidade de realizar un tratamento responsable dos residuos, foi a de reciclar papel coa finalidade de servir de soporte para mostrar dúas das experiencias realizadas en edicións anteriores en torno ao proxecto Voz Natura: o secado de algas e a recolección de cunchas.

Para iso o alumnado de Educación Infantil de 3 e 4 anos (único alumnado do colexió que non o fixera anteriormente) procedeu ao secado de algas recollidas na praia de Canido e posterior plasmación sobre pergaminos de papel reciclado.

O alumnado de 1º curso de ensino primario recolleu cunchas de pequeño tamaño e, do mesmo xeito, plasmounas sobre pergaminos de papel que previamente reciclaran.

g) O coñecemento da gamela coruxeira como embarcación de pesca tradicional.

Como povo mariñeiro que somos, desde o CEIP Ría de Vigo non podíamos pasar por alto a oportunidade de adicar un mínimo de atención á embarcación de referencia, no que á pesca tradicional se refire, da Ría de Vigo: a Gamela Coruxeira. O traballo efectuado ó redor desta embarcación consistiu na realización no centro de charlas relacionadas coa pesca tradicional na Ría e coa gamela.



Estas charlas estiveron impartidas polo especialista Xerardo Fernández Santomé, autor asimesmo, da carpeta didáctica A Gamela Coruxeira traballada polo alumnado de 6º curso. Este mesmo material foi aportado ao restante alumnado do colexio para que, xa nas súas casas e con axuda dos seus familiares maiores, montasen a maqueta da gamela presentada gardando, destexeito un bo recordo deste proxecto.



A experiencia de traballo desta carpeta foi levado polo alumnado de 6º curso aos actos de celebración da Reconquista de Vigo o 26 de marzo na Porta do Sol de Vigo. Cabe mencionar que, tanto as charlas como a edición destas carpetas didácticas, foron financiadas pola Consellería de Cultura a través da súa Delegación en Pontevedra.



h) O mar nas artes: literatura, pintura, música, teatro, poesía,

Durante todo o mes de marzo o mar, como tema de referencia, foi o fío conductor da actividade nas aulas. Froito deste traballo, saiu á luz unha proposta de diversas manifestacións artísticas que serviron para completar a programación cultural durante o acto de celebración da Gran Festa do mar no colexio.

A aportación musical conlevou o estreo da peza *Mar e Arte* con interpretación a cargo da totalidade de alumnado do colexio. A música foi autoría do mestre de educación musical do colexio e a letra de Xosé Guillermo, director do obradoiro *Mar e Arte*.

Canción Mar e Arte. Estreo para o acto inauguración Mar e Arte

As mensaxes que escribimos con tinta de calamar
arribaron as vosas praias en garrafas de cristal
Chegou o día perfecto para poder celebrar
no cole Ría de Vigo, a gran festa baixo o mar.

Est. /...../

Coa Fundición Nautilus puxemonos maquinar,
Mar e Arte é unha maxia pensada para encantar.
Unha benvida de estrelas principesca e cordial,
as estrelas son as fillas do Rei das augas do sal.

Est. /...../

As pedras con caramuxos, columnas de "calidad"
para un arco iris de ourizos, porta da "profundidad"
Mirade os cabaliños como veñen, como van,
entre as algas ondeantes, nos encaixes de coral.

Est. /...../

As medusas son as flores que elexiron navegar,
os océanos do mundo para virnos visitar.
Os polbos cheos de brazos, con caracolas farán
miles xogos malabares que parvos nos deixarán.

Est. /...../

Xuntos bois e lumbrigantes cando nos miran pasar
tocan as pinzas con ritmo, taka taka, takatá
As necoras e cigalas seguen o mesmo compás
o seu son eche distinto, tiki, tiki, tikitá.

Est. /...../


O peixe sapo achantado leva cana de pescar
chega unha faneca brava, ¡A que se pode montar!
Nada ruido o tiburón, chimpla ledo o arroaz,
as rinchas fuxen prudentes polo que poida pasar.

Est. /...../

Deste xeito sonche as cousas que pasan no noso mar
e quedades convidados para virnos visitar.

Deste xeito sonche as cousas que pasan no noso mar
e quedades convidados para virnos visitar.

O traballo literario foi efectuado polo alumnado de Educación Infantil. Para iso, partindo do libro "El tiburón simplón" (Ed. Combel), nas aulas traballouse un texto a xeito de adiviña para cada un dos animais presentados no libro.



Si atento estás neste libro verás
moitos dos animais que viven no mar.

Moito medo me dá este gran animal
con dentes afilados e forza brutal.

En pociñas ou rochas, entre algas verás
ten o raro costume de andar para atrás.

Polo fondo do mar non cansa de bucear
atenta ós camaróns que a van saudar.

Moi discreto e pacífico e de viva cor
nin trota nin galopa nin é corredor.

Este peixe non deixa nunca de chimplar
o máis intelixente que vive no mar.

Oito brazos que move sempre sen parar
e bota tinta negra para escapar.

Atención a este peixe de raro nariz
armado como anda non me fai reir.

Cando infla é gordo como un balón
ou unha lampariña que por no salón.

Rematado este conto so queda pensar
que o mar é o noso amigo que hai que coidar.

Asimesmo,
na aula de
Educación
Infantil de 5
anos
traballouse o
recitado e
escritura de
diferentes
textos con
temática
mariñeira.



De marcado carácter de creación literaria, o alumnado 3º curso, baixo a denominación de "Dialogo de ollomois" e partindo de cantigas tradicionais, de costumes da zona, de nomes de nenas e nenos, elaborou un texto que ben se podería encuadrar dentro do xénero de "Dialogos do absurdo"

"Para empezar, nós partimos de que estamos en San Miguel de Oia, na Ría de Vigo. Na clase falamos coma sempre coa mar de fondo, pero, aínda así ... o que máis nos custa é escocitarnos e poñernos de acordo. Esta vez discutimos e, ao final quedamos en que iamos artellar algo así como ... un diálogo de ollomois porque cada un fala de cousas distintas.

Esperemos que de todo isto o mar saia beneficiado e quede un chisquiño máis limpo que ata o de agora.

O noso colexiio queda ao mar aberto
coa axuda do pincel de Xosé Guillermo.

Pero que facemos agora nós para coidar o océano?
para isto ninguén é pequeno.

A min o que más me gusta é xogar
pero podemos pensar.

Din que hai unha escola no fondo do mar,
onde os peixiños van estudiar.

Xa estamos outra vez con estudiar?
Eu quero bucear!

Cantos peixes polo fondo do mar matarile rile rile
vai voando unha sardiña e nadando un avión chin pon.

Ah! mirade que cousas escribiron os peixes nunhas libretiñas de algas de todas cores
unha chea de adivinas, cancións, refráns, noticias, ...

Á primeira canción unha nena púxolle música:
"Os suspiros dunha mincha, as bágoas dun mexilón, os cantares dun fan chorar un camarón".

Pois eu fixeime nesta adiviña:
A min chegan os ríos, por min os barcos van, moi breve é o meu nome, tres letras ten nada más.

Esta é mellor:
Teño cinco brazos moi diminutos, habito sempre no mar, áinda que me podes atopar de noite no ceo.

Que nome de nena da miña clase,
contén a palabra mar? MARIÑA!

Dúas pinzas teño, para atrás camiño,
de mar ou de río, na auga vivo.

Teño nome de muller, medro no fondo do mar,
e na area da praia, ti me podes atopar. CORAL

Xa me cansan as adiviñas! Cando era pequena a miña avoa contabame:
"O mar tamén ten amores, o mar tamén ten muller, está casado coas olas, dalle bicos cantos quer"

Pois o meu mestre de infantil cantaba:
"Chámome don polbo da Touza Longal, son mestre da escola do fondo do mar"

A miña avoa sempre está con aquilo de:
"Na beira, na beira, na beira do mar, hai unha barquiña para ir a navegar"

O meu curmán canta:
"Vexo Vigo, vexo Cangas, tamén vexo Redondela, vexo a Ponte de Sampaio, camiño da nosa terra"

Como boto de menos ir na barca do meu pai!

Podes vir comigo porque ... "Teño un barco de xoguete en el quero viaxar
polos mares dos meus sonos, cansarei de navegar"

Mira que "Se vas en barca pescar con caña
require paciencia e maña"

Espera, espera que onde manda capitán,
non goberna mariñeiro.

Pero agora ímos expresar as nosas ideas sobre o mar:
"Compañero mar, entre nós te es un máis"

Contigo queremos medrar
e aprender a pensar.


Mar, temos que coidarte e non tirar lixo,
Pódese saber quen antes o fixo?

ASÍ É O MAR QUE QUEREMOS:
CLARO E LIMPO!!!


O alumnado de 6º curso elaborou un poemario do mar a partir de textos de autores de sona e doutros de creación propia.



Asimesmo, traballou diferentes textos relacionados coa figura dos faros.



Na aula de Pedagogía Terapéutica, o alumnado recreou diferentes contos e poesías do libro "Campo e mar aberto", de Dora Vázquez.



4º curso ocupouse da proposta teatral mediante a montaxe da obra para títeres "Salvar o mar". Esta obra de teatro está relacionada coa catástrofe ecolóxica sofrida a partir do afundimento do Prestige.



i) Deseño de obradoiros e xogos cooperativos con temática mariñeira.

Nas clases de Educación Física traballáronse diferentes obradoiros e xogos que, con temática mariñeira, partían dun tratamento cooperativo. Nestes obradoiros e xogos participou todo o alumnado do colexio organizado en 16 grupos con compoñentes de tódalas idades. Os obradoiros e xogos foron os seguintes:


1 OBRADOIRO DE NOS MARIÑEIROS

Obradoiro de elaboración de nos impartido por un mariñeiro de San Miguel de Oia. Cada participante realiza e leva o seu no para a súa casa.



2 SOPA DE PEIXES E MARISCOS

Sopas de letras xigantes nas que o alumnado debe atopar os nomes de peixes e mariscos.



3 OBRADOIRO DE BANDEIRAS MARIÑAS

Cada neno participante debe coller un modelo co numero de casiñas que coincide co número de letras que teña o seu nome. Tendo como referencia un cartel coas bandeiras mariñas, cada participante debe escribir o seu nome coa nomenclatura de bandeiras e lle quedará unha pulseira. Os nenos maiores deben axudar aos máis pequenos na elaboración da súa pulseira.



4 O CANGREXO ERMITAÑO

Xogo de desplazamento sobre pes e mans de xeito que parellas de nenos maiores levan baixo eles un neno máis pequeno que se desplaza do mesmo xeito e na mesma dirección.



5 ORIENTACIÓN NA NEBOA DO MAR

Xogo de orientación a oscuras con respecto a un foco luminoso ou a un foco acústico simulando aos faros.



6 CONTO DE MAR

O alumnado debe responder corporalmente a diferentes consignas explicadas con anterioridade ó comenzo dun conto.



7 SACANDO LAPAS

Xogo no que uns nenos teñen que "dar volta" a outros que están apoiados no chan sobre xeonllos e mans.



8 CRUZAR A RÍA

Tendo como base a silueta da ría de Vigo pintada nunha zona do patio escolar, o alumnado participante debe "cruzar a Ría" servindose para iso de diferentes medios de transporte:

- Andando o perímetro da Ría sobre tacos
- Nadando a Ría deitándose sobre unha taboa e servindose das mans para avanzar.
- Cruzando pola "Ponte de Rande" a través dunha barra de equilibrio
- Navegando en barco a traves dunha plataforma com rodas que é guiada por compañeiros e compañeiras de equipo.
- Voando suspendido dunha tirolina.

Para os maiores o xogo se complicará xa que se terán que desplazar a determinados lugares da ría de Vigo




9 CONSTRUINDO CASTELOS

Elaboración en area de diferentes formas propostas polo mestre encargado do xogo



10 TIRA QUE PICA

Os participantes farán prácticas de pesca de cana para coller os peixes que estarán nadando nunha piscina. Previamente foi prácticado nas pozas entre rochas.



11 NA BUSCA DA CUNCHA PERDIDA

Partindo dunha actividade de marisqueo, o alumnado do colexio deberá atopar nun areeiro distintas cunchas para, a partir de ahí identificalas. Como axuda, en caso de dúbidas se pode recurrir ó cuncheiro elaborado polo alumnado do colexio.



12 XOGO DE DRAMATIZACIÓN "ESCENAS DE MAR"

Xogo de dramatización no que, de xeito grupal ou individual, segundo corresponda, o alumnado ten que representar corporalmente escenas de praia, de pesca, de navegación, de animais mariños,



13 A MEDUSA XIGANTE

Xogo de desplazamento grupal de xeito que un membro do grupo se deixa levar baixo un paracaídas que é manipulado coordinadamente polos seus compañeiros simulando o movemento das medusas.



14 DOMINÓ

Dominós xigantes no que se traballan variedades de peixes, de embarcacións, de vilas e povos da Ría.



15 OS PEIXES MIGRATORIOS

Os nenos se separan en dous grupos que deben intercambiar a súa ubicación correndo o risco de ser pescados por dous nenos situados na zona de paso. Os integrantes más pequenos do grupo, que sexan pescados son devoltos ao mar por falta de talla. *"Pezqueñines no, hay que dejarlos crecer"*



16 VIAXANDO POLO FONDO DO MAR

Nunha estructura inchable, os nensos/as de cada equipo terán que fazer un percorrido polas distintas "covas submariñas"

17 O MAR NA REDE

Non se trata da rede de pescar senón da rede informática, xa que, o alumnado, terá que dar resposta a diferentes actividades pensadas para as distintas idades e presentadas en formato Clic. Esta proposta foi elaborada polo profesorado do colexio no marco dun grupo de traballo asesorado polo CEFORTE de Vigo

18 PEIXE DA SORTE.

Neste xogo contamos cunha baralla de peixes.

Repartimos as cartas entre os compoñentes do equipo, sin que vexan de que peixe se trata. Decímoslle cal vai a ser o peixe máxico, e comenza a depositar unha



carta boca arriba o xogador que esté colocado a nosa dereita. Cando apareza o peixe máxico remata o xogo, e o xogador que o depositou ten dereito a elixir o nome do novo peixe máxico, e a repartir as cartas entre os seus compañeiros. Empezará a nova partida aquel xogador/a que se atope á dereita do xogador que repartiu as cartas.

19 O XOGO DOS MARIÑEIROS

Dispoñemos dunha baralla na que trocamos as 4 sotas por sereas, os catro cabalos por 4 cabaliños de mar, os 4 reis por catro tiburóns, e os 4 ases por catro estreliñas de mar.

Repartimos as cartas entre os compoñentes do equipo sen que as vexan. Un dos xogadores empeza a voltear unha das súas cartas no medio da mesa .

-Se a carta depositada é unha serea , todos dirán ¡Bos días sereiña!. O que non o faga recollerá tódalas cartas que se teñan xogado, e seguirá o xogo.

-Se a carta depositada é un cabaliño de mar dirán ¡Bos días cabaleiro! O que non o faga recollerá tódalas cartas xogadas e continuarán o xogo.

-Se a carta é un tiburón, non dicimos nada e saúdamos militarmente. O que non saude ou fale recollerá tódalas cartas e continuará o xogo.

-Se a carta é unha estrela non dicimos nada e rapidamente poñemos a palma da man enriba das cartas. O que a poña de último ten que recoller tódalas cartas da baralla e comenza o xogo.



Esta memoria recolle a actividade desenvolta na que, o máis importante é que, nais e pais, mestras e mestres e, sobre todo, nenas e nenos do colexio Ría de Vigo

aprendemos disfrutando

CONCLUSIÓN

Despois de cinco anos de experiencia dentro do Proxecto Voz Natura, queda en manifesto o interese que a comunidade educativa deste colexio presta a toda actividade que conlleve o coñecemento e preservación do noso legado natural e cultural.

Debe destacarse que no desenvolvemento deste proxecto, ademais de estar implicados os colectivos e organismos que o viñan facendo en ocasións anteriores como o profesorado do centro, a ANPA, a Cofradía de Pescadores San Francisco, a Comunidade de Montes de San Miguel de Oia e a totalidade de nenas e nenos do colexio quen, coa súa implicación, dan o máis verdadeiro sentido a estas actividades. Os organismos que se sumaron durante esta edición foron a Consellería de Educación a través da Dirección Xeral de Innovación Educativa e o CEFORE de Vigo, a Consellería de Cultura a través da súa Delegación en Pontevedra, o Concello de Vigo a través dos seus Servicios de Educación e de Limpeza e a Autoridade Portuaria de Vigo.

Por todo o anteriormente exposto xa foron presentados os plantexamentos previstos para o vindeiro curso, plantexamentos que pasan por manter o traballo realizado ata este momento e de ampliar o marco de actuación con respecto aos verquedoiros incontrolados á totalidade dos barrios de San Miguel e Saiáns.

Como en pasadas ocasións, non podemos acabar esta memoria sen agradecer dun xeito moi sinceiro e agradecido á labor que a Fundación Fernández Latorre está desenvolvendo en pro da formación do noso alumnado no coñecemento e, polo tanto, no coidado e respeto dos valores naturais do noso entorno.

Asdo. Juan Carlos Vázquez

San Miguel de Oia, 27 de abril de 2006

Anexos

PLENO INFANTIL DO CONCELLO DE VIGO. 22 DE NOVEMBRO DE 2004

PROPOSTA DO COLEXIO RÍA DE VIGO SOBRE DAS ACTUACIÓNS A REALIZAR POLOS ALUMNOS DOS COLEXIOS PARA MELLORAR O SERVICIO DA RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS.

Antecedentes:

Señor/a Alcalde/esa:

Os alumnos do colexio Ría de Vigo fixemos unha enquisa para evaluar o funcionamento do servicio de limpeza nas parroquias de San Miguel de Olla e Saiáns.

Concretamente estudiamos os barrios de Gontade, Cruceiro, Hermida, Baixada Hermida, Verdella, Esteriz, Cesáreo Vázquez, Canido-praia, Liñares, Figueiras, Pedreiras, Rozo, Avenida Ricardo Mella, Carretera de Camposancos, Devesa e Toralla. En total analizamos vinte barrios para coñecer o número de contenedores por cada cien metros, a dotación de isletas de recollida selectiva cada douscientos cincuenta / trescentos metros e tamén averiguamos a frecuencia da recollida así como o comportamento cívico dos usuarios.

Por último localizamos do mesmo xeito algúns puntos de vertidos incontrolados de enseres domésticos e outros residuos, as nosas conclusións arroxaron os seguintes resultados.

1.-

Nº de contenedores por cada cien metros	1	2	3	Non hai
Nº de barrios	5	8	5	2

2.-

Nº de isletas de recollida selectiva	1	2	3	Non hai
Nº de barrios	11	0	3	6

3.- Frecuencia do servicio de recollida

Diaria		Días alternos	Recollida semanal
Nº Barrios	17	3	0

4.- Comportamento cívico dos usuarios

Bo	Regular	Malo
12	2	6

5.- Puntos de vertido incontrolado. Polo que atinxo ós puntos de vertidos incontrolados, atopamos tres que deben ser denunciados: Cabo Estai en Canido. A fonte romana na carretera de Camposancos e un lugar no barrio do Cruceiro, ben perto da carreteira.

Conclusión:

Dos datos analizados, señor/a Alcalde/esa, concluimos que a dotación de medios materiais debe ser mellorada en algúns barrios especialmente polo que respecta ás isletas de recollida selectiva e tamén pensamos na necesidade de insistir nas campañas tendentes a mellorar o comportamento cívico dos usuarios. Por estas razóns o colexio Ría de Vigo fai a seguinte

PROPOSTA:

1.- A PARTIRES DE HOXE O COLEXIO RÍA DE VIGO PROPÓN A FORMACIÓN DE EQUIPOS VERDES NOS COLEXIOS DO CONCELLO PARA A LOCALIZACIÓN DE VERTEDOIROS INCONTROLADOS. UNHA VEZ LOCALIZADOS A DIRECCIÓN DO COLEXIO INFORMARÁ MEDIANTE FAX ÁS AUTORIDADES MUNICIPALES

2.- O COLEXIO RÍA DE VIGO PROPÓN A ELABORACIÓN DUN PROGRAMA INFANTIL DE COLABORACIÓN NA SELECCIÓN DOS RESIDUOS NOS FOGARES DO MUNICIPIO.

EN FUNCIÓN DESTE PROGRAMA CADA UN DE NÓS NA SÚA CASA ENCARGARIÁSE DE RECOLLER AS BOTELLAS DE VIDRO, OS ENVASES DE PLÁSTICO E O PAPEL. UNHA VEZ Á SEMANA ACHEGARÍA ÁS ISLETAS DE RECOLLIDA SELECTIVA OS MATERIAIS ACUMULADOS NA SÚA CASA.

UN ESTADILLO SEMANAL FIRMADO POLO PAI OU NAI ACREDITARÍA O CUMPLIMENTO DESTE COMPROMISO POR PARTE DOS NENOS.

A SUMA DOS ESTADILLOS PERMITIRÍA ESTABLECER UN PREMIO MENSUAL Ó COLEXIO QUE DEMOSTRARÁ TER RECOLLIDO MAS MATERIAIS.

ANEXO:

ESTADILLO QUE SE CITA:

PROGRAMA DE COLABORACIÓN NA RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS COLEXIO...

D/DÑA..... PAI/NAI DE.....
ALUMNO DE 6º CURSO, CERTIFICO QUE OS DATOS DO ESTADILLO DE SELECCIÓN DE RESIDUOS DA SEMANA SON OS QUE SIGUEN:

Nº DE BOTELLAS

Nº DE ENVASES DE PLÁSTICO

KGS DE PAPEL RECOLLIDO

ASDO:

"Por medio de este escrito, os niños e niñas da
colegio Ría de Vigo, queremos convidalo a visitar
a nosa Exposición Permanente Mar e Arte. Para iso
podes facer dous cosas; a) Meter esta menaxe na
misma botella, tapola e collella ó mar.
b) Guardar a menaxe e depositala botella, tapada
 nun contenedor de reciclo selectivo.
En todo caso, pregomes que comuniquen ó
colegio o lugar e dada no que atoparon esta
menaxe. Maitos gracias."

A efectos de contestación podes facela no
teléfono do colexio 986 490 906 ou
no correo electrónico cip. riadevigo.edu.xunta.es

"Por medio de este escrito, los niños y niñas
del colegio Ría de Vigo, queremos invitarte a
visitarnos nuestra exposición Permanente Mar Y
Arte. Para eso puedes llamarnos telefónicamente
y concertar una citt. una botella abierta la
botella puedes hacer dos cosas: a) Meter este
mensaje en la misma botella, Tapola y devolverla
al mar. b) Guardar el mensaje y depositar la bo-
tella en un contenedores de recicaje selectivos.
En Todo caso, rogamos que comuniquen al
colegio el lugar y fecha en el que encon-
traron este mensaje muchas gracias". Afectos de
contestación Pueden hacerla Telefónica del colegio
986 490 906 o en el correo electrónico
cip. riadevigo.edu.xunta.es

Escolares vigueses ensalzan el mar con una suelta de botellas con mensajes a favor de su conservación

LA VOZ | VIGO

■ Escolares del colegio Ría de Vigo de San Miguel de Oia llevarán a cabo hoy un lanzamiento al mar de botellas con mensajes en favor de la conservación del medio y para publicitar al mismo tiempo el proyecto educativo que desde el principio de curso se lleva a cabo en el centro con la denominación «Ría de Vigo: a mar de saberes».

Catorce niños serán los encargados de lanzar los mensajes en mitad de la ría a bordo de un barco con el mismo nombre que el colegio, facilitado por la Autoridad Portuaria viguesa. Las botellas contendrán también

peces realizados por los alumnos, que han ambientado todo el centro con otros trabajos de temática submarina realizados con la colaboración del 41% de las familias desde que comenzó el curso, momento desde el que se han formado ya un total de 115 astronautas.

«Mar e arte»

La botella contendrá una invitación para visitar la exposición permanente «Mar e arte» que se inaugurará el viernes en dicho colegio, en un acto al que acudirán representantes de la Xunta, Concello, Cofradía de Pescadores y del proyecto educativo y ambiental impulsado



M. MORALEJO

Los escolares del Ría de Vigo cuidan activamente el medio

e incluso degustación de alimentos procedentes del mar aportados por las familias de los escolares.

También por primera vez, el centro desarrollará una activi-

dad nocturna destinada a padres y vecinos de la parroquia de San Miguel y el resto de Vigo. El teatro del centro vecinal de Oia será el escenario donde se desarrolle el espectáculo «Vento mareiro» a las 21 horas.

Toda la iniciativa didáctica que ahora llega a su fase de exposición y muestra fue una de las seleccionadas en el concurso de ideas recogidas para la elaboración y desarrollo de programas educativos promovido por el Concello de Vigo para fomentar entre el profesorado, alumnado y familias sus capacidades artístico-plásticas a partir de materiales reciclados. Como muestra del respeto al medio ambiente, el mensaje que hoy será lanzado al mar, y que se repetirá en la ría de Pontevedra, incluye la petición de que la botella sea eliminada en una isleta de reciclaje.

LA IMAGEN

Los escolares del Ría de Vigo cantan al mar y ensalzan su riqueza con una jornada artística

LA VOZ | VIGO

■ Toda la comunidad educativa del colegio Ría de Vigo participó ayer en una jornada de exaltación del mar y su riqueza natural en la que el arte, la ciencia y la diversión se dieron la mano para concienciar a pequeños y mayores de la importancia de cuidar dicho medio. Con la participación de la alcaldesa,

Consellería de Educación, Cofradía de Pescadores, Fundación Nautilus y el proyecto medioambiental Voz Natura, los pequeños mostraron sus trabajos sobre el mar. Canciones, maquetas, interpretaciones y hasta platos elaborados por sus padres se sucedieron en una jornada de alto nivel artístico y participativo.



ÓSCAR VÁZQUEZ

LA VOZ DE GALICIA

1 / IV / 2006

La Mirilla**VOC DE GALICIA 28/IV/2006****L. Míguez**
redac.vigo@lavoz.es

Naturaleza en estado puro

Alumnos del Ría de Vigo plantaron cerca de 40 árboles en el parque de San Miguel de Oia

En el fondo del mar ■ Del mar a las piedras. Debajo de cualquier elemento de la naturaleza hay vida. Esa es la ley que han aprendido esta semana los alumnos del Ría de Vigo y del Chans de Bembrive a través del programa Voz Natura, que impulsa actividades ecologistas en los centros escolares.

Los fondos marinos y los peces que lo habitan son los protagonistas de las actividades de los alumnos del Ría de Vigo. En las clases han realizado todo tipo de actividades. Mientras los más pequeños hacen un cuaderno con cinco especies de peces del fondo de la ría, recetario incluido por supuesto, lo mayores construyen una maqueta de la zona geográfica o incluso la costa gallega al completo.

Poemarios relacionados con el mar e incluso clases de educación física con juegos y talleres de temática marinera, son otras de las actividades.

Concienciados como están con la ecología, no ha sido raro que se hayan puesto manos a la obra y hayan salido del colegio cerca de 30 niños para limpiar el parque forestal de San Miguel de Oia. Además, los pequeños del Ría de Vigo también aprovecharon para plantar cerca de 40 árboles, robles americanos y nogales, en la zona de Carballoso. Para ello contaron con la ayuda de la comunidad de montes de San Miguel de Oia.

Atrás quedan otras actividades como la exposición Mar



GUSTAVO RIVAS

En la actividad del colegio Ría de Vigo participaron cerca de treinta niños

de la fundición Nautilus, en la que convirtieron sus aulas y pasillos en un auténtico océano. Para el próximo curso, ya planean «elaborar un viveiro de árboles autóctonas para dentro dun par de años plantalos nun terreo», añade el director del centro, Juan Carlos Vázquez.

Bajo las piedras ■ Para el Chans de Bembrive la vida se esconde también bajo las piedras. Para enseñárselo a los escolares nada mejor que la práctica, así que el centro no ha dudado en ponerse la mochila a la espalda y salir al monte Galiñeiro.

En la visita, a la que fueron acompañados de monitores del Colectivo galego de montaña, aprovecharon para observar los petroglifos, los minerales o incluso la fauna de la zona.

Aprovechando la escapada el monte los pequeños pudieron también aprender las nociones básicas para



GUSTAVO RIVAS

Los escolares del Chans de Bembrive en el monte Galiñeiro

la ayuda de una brújula o de un plano.

Para el centro es la primera vez que realizan una visita de este tipo, aunque los viajes a Manzaneda son ya comunes. Sobre todo, el coordinador

asegura que espera que los niños «aprendan el respeto por el medio ambiente y la naturaleza, que sepan que incluso debajo de una piedra hay vida y que si la mueves cambias el hábitat de muchos

20 MINUTOS

30/III/2006

Las botellas sustituyen a los 'e-mails'

Los alumnos del colegio Ría de Vigo han ideado una forma original de enviar invitaciones para la muestra *Mar e arte*, que inauguran mañana. En lugar de enviar un correo electrónico o una carta, decidieron subirse a un barco y lanzar a la ría botellas con el mensaje dentro. Quieren invitar así a todo el mundo a visitar su exposición, que recoge obras realizadas por alumnos, padres, abuelos y profesores durante un taller artístico realizado el pasado octubre.

FOTO: M. VILA



O proxecto didáctico "A Ría de Vigo: Os seus recursos" foi un dos proxectos seleccionados no "concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de programas educativos" que promoveu o Servizo de Educación do Concello de Vigo.

A exposición didáctica "Mar e Arte" que é a concretización final do proxecto, inicio o seu traballo o pasado 7 de outubro na aula de plástica do Colexio público "Ría de Vigo" de San Miguel de Oia, Vigo, onde en horario extraescolar e reprodución de animais marinos a partir de materiais reciclados, que levarán como principio de referencia as tres erres: Reducir, Reutilizar, Reciclar. Neste obradoiro de 30 horas participaron 46 familias do colexio (un 41% do total) e a equipa submarina da Fundación Nautilus formou 115 "artennautas".

Fruto de estreita colaboración entre a Fundación Nautilus (diseño e dirección do proxecto), o Servizo de Educación do Concello (selección e financiación do proxecto) e a implicación activa de toda a comunidade educativa do Centro "Ría de Vigo", fai-se realidade esta exposición permanente de ambientación submarina.

Tamén
participaron
máis dun
cento de
"artennautas"

Os obxectivos primordiais foron os seguintes:

— Fomentar no profesorado, alumnado e familias, as suas capacidades artístico-plásticas, a partir de materiais reciclados e/o reciclados.

— Concienciar ao alumnado e familias participantes nos obradoiros e ao público da exposición nas avanteiras ambientais que conlleven a reutilización e reciclaxe, promovendo a toma de consciencia e fomentando o espírito crítico, diante da actual problemática ambiental.

— Promover comportamentos responsables e coerentes coa conservación e esgota-

A Escolla do Faro

Mostra didáctica "Mar e Arte"

Exposición da comunidade educativa do colexio "Ría de Vigo" na que participaron 46 familias



Ti participas



JOSE LORES

Aspecto do público asistente á inauguración da exposición didáctica "Mar e Arte" no colexio "Ría de Vigo".



JOSE LORES

Os pais e familiares de alumnos disfrutaron da exposición

enriquecida con información sobre a importancia ecolóxica e energética dos recursos naturais,

sendo conscientes diante da recollida selectiva do lixo, co impacto ambiental, no aforo



JOSE LORES

Un grupo de visitantes contempla unha das maquetas da mostra

que se expón no colexio "Ría de Vigo".

En elha se pode observar

que se están realizando

actividades de sensibilización

e concienciación.

Al longo desta exposición

que tenta educar aos escola-

res no consumo responsable e

no respeto polo medio ambiente.

Ha exposición fotográfica e de

vídeo dos traballos.



Tres imaxes da montaxe da exposición nas instalacións do colexio público "Ría de Vigo" en san Miguel de Oia, o que se pode visitar no centro.

▼ EDUCACIÓN



Un grupo de niños del colegio "Ría de Vigo", ayer. / R. ESTÉVEZ

El colegio "Ría de Vigo" abre una muestra que relaciona "mar y arte" y fomenta el reciclaje

El colegio público "Ría de Vigo" ha organizado una exposición que pone en contacto el mar y el arte, dentro del proyecto didáctico "A Ría de Vigo: os seus tesouros", seleccionado en el concurso de ideas para la elaboración y el desarrollo de programas educativos que promovió el servicio de Educación del Ayuntamiento de Vigo. La alcaldesa y el concejal de Cultura almorzaron ayer en el centro, antes de la apertura oficial de la muestra.

FOTO DE VIGO

11/IV/2006